



ACTO DO INSTITUTO DE ESTUDOS CHAIREGOS
INVENTARIO DE RETRANCA: HISTORIAS DE TRASMUNDO
A cargo de LOIS PÉREZ

VENRES, 24 DE AGOSTO DE 2018 – 22:00 HORAS
NO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA



O Instituto de Estudos Chairegos “Pena do Encanto” (lescha), en colaboración co Concello de Vilalba, organiza o venres, día 24 de agosto, ás 22:00 horas, no Auditorio Municipal de Vilalba, o espectáculo a cargo de LOIS PÉREZ denominado “INVENTARIO DE RETRANCA: HISTORIAS DE TRASMUNDO”.

As historias que conflúen nas contadas de Lois Pérez mesturan o humor, a tradición oral, a morte (morrer hai que morrer), literatura galega e universal e os sucedidos, aqueles feitos que o malfalado lucense escoitou ou dixo que escoitou polo mundo adiante. Así, en áxil carreira constante polo seu cerebro, as historias van mudando dependendo do día, da hora e do estado de ánimo do animal escénico (máis animal que escénico!). Disposto sempre a todo, mesmo a defraudar. Nós tamén a naufragar! (hipocritateatro.org)

Lois Pérez é contrabandista de historias e narrador oral, humorista, cronista de rock and roll, poeta e dramaturgo. Comezou a contar subido a unha caixa de cervexa e ten actuado en escolas de idiomas, institutos, universidades, presentacións de novelas, teatros, bares, cárceres, museos, feiras do libro e demais antros de perdición e desenfreo. No seu contar conflúen a tradición oral, o humor, a gargallada, os sucedidos que escoitou, a narración, o rock, a alta literatura, as baixas paixóns (que ás veces son as máis altas!) e se ten o día, aínda a poesía. Coma Alberti, Lois Pérez anda confundido: non sabe se rascar o reloxo ou dálle corda ao cú. Venceremos, pero non sabemos cando! (culturactiva.org)